



Estimadas familias:

En base á *Instrucción 2/2022 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación Formación Profesional e Universidades do 1 de xuño, sobre o funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2022/23*, quedan establecidas as liñas xerais de organización e funcionamento para o curso 2022/23:

1. USUARIOS:

- Alumnado usuario do servizo de comedor no curso escolar anterior, salvo que variase substancialmente o criterio polo cal fose admitido.
- Alumnado usurario lexítimo do servizo de transporte escolar, nos termos establecidos na Instrución 1/2022, sobre a xestión do servizo no curso 2022/23.
- Alumnado pertencente a unidades familiares que se atopen en situación socioeconómica de exclusión social ou que teña unha discapacidade igual ou superior ao 33%, certificadas polos servizos sociais ou municipais correspondentes.
- Alumnado membro de familias numerosas, acreditado co correspondente título ou carné expedido para o efecto.
- Alumnado fillo de pais e nais, titores legais ou acolletores familiares, traballadores ambos os dous con incompatibilidade dos seus horarios laborais co horario de saída do seu fillo/a ao mediodía, acreditada documentalmente, de xeito alternativo, mediante a seguinte documentación: informe de vida laboral, expedido polo organismo laboral competente, ou certificado da Unidade de persoal á que pertenza o empregado público; certificación da empresa, xustificativa da duración de xoranda e o horario de traballo; certificación xustificativa de alta no IAE, e unha declaración responsable, sobre a vixencia da actividade económica, e o horario que require a actividade, para o caso de traballadores por conta propia.
- Outro alumnado do centro. Neste suposto atópanse os escolarizados voluntariamente fóra da área de influencia que lles corresponde.
- Persoal docente e non docente que preste servizos no centro e non colabore nos labores de atención e apoio ao alumnado.

1.1. Usuarios gratuítos:

- a) Alumnado pertencente a unidades familiares que se atopen en situación socioeconómica de exclusión social **certificada polos servizos sociais autonómicos ou municipais correspondentes.**
- b) Alumnado que se atope en situación de acollemento residencial ou familiar, **debidamente xustificado.**
- c) Alumnado cun grado de discapacidade declarado igual ou superior ao 33%, **debidamente certificado.**
- d) Alumnado pertencente a unidades familiares vítimas de terrorismo ou de violencia de xénero **acreditada documentalmente.**

- e) Alumnado pertencente a unidades familiares cunha renda familiar anual neta per cápita inferior a 7.000€.
- f) O persoal de cociña durante os días de desempeño efectivo do seu traballo.
- g) Os coidadores.
- h) O persoal colaborador nas tarefas de coidado dos usuarios do comedor nos días de desempeño efectivo do seu traballo.
- i) Persoal funcionario destinado nos centros con responsabilidades na organización dos comedores.

1.2 . Aboamento da contía de 1 euro por día de servizo, o alumnado cunha renda familiar neta anual per cápita que se atope nas seguintes condicións:

- a) Unidades familiares cun único menor ou dous menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou 2º ciclo de E. I **renda anual neta per cápita de 7.000,01 a 8.000 euros**
- b) Unidades familiares con 3 ou máis menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou 2º ciclo de EI..... **renda anual neta per cápita igual ou superior a 7.000,01 euros.**

1.3 Aboamento de 2,50 euros por día de servizo o alumnado cunha renda familiar neta anual per cápita que se atope nas seguintes condicións:

Unidades familiares cun único menor ou con dous menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou 2º ciclo de EI **renda anual neta per cápita de 8.000,01 a 9.000 euros**

1.4. Aboamento de 4,50 euros por día de servizo de comedor para aquel alumnado cunha renda familiar anual neta per cápita se atope nas seguintes condicións:

Unidades familiares cun único menor ou dous menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou 2º ciclo de EI.....**renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01 euros.**

2. CONCEPTO DE UNIDADE FAMILIAR E RENDA FAMILIAR ANUAL PER CÁPITA

2.1 No caso de matrimonio:

A unidade familiar está integrada polos cónxuxes non separados legalmente, se os houbera:

- a) Os fillos menores, con excepción dos que, con consentimento dos pais, vivan independentes destes.
- b) Os fillos maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada (hai que ter en conta que a maioría de idade acádase ao cumprir os 18 anos).

2.2 En ausencia de matrimonio ou nos casos de separación legal, a unidade familiar está integrada polo pai ou nai e a totalidade dos fillos que convivan co pai ou coa nai e reúnan os requisitos da modalidade anterior, os supostos a) e b) do apartado anterior.

Polo tanto:

- Calquera outra agrupación familiar, distinta das anteriores, non constitúe unidade familiar a efectos do IRPF.
- Ninguén pode formar parte de 2 unidades familiares ao mesmo tempo.
- O nº de membros da unidade familiar terase en conta a 31 de decembro de cada ano (así, si un fillo

cumpriu 18 durante o ano, xa non formará parte da unidade familiar do mesmo xeito que si un membro falece nese período).

- Nas parellas de feito só un dos seus membros (pai ou nai) poden formar unidade familiar cos fillos que reúnan os requisitos anteriormente citados (os supostos a) ou b) do apartado 2.1. O mesmo criterio é aplicable nos casos de separación ou divorcio con garda e custodia compartida.

CÁLCULO:

casíña 435 + casíña 460 – casíña 595

O resultado obtido dividirase polo número de membros que forman parte da unidade familiar.

Existe na páxina da consellería unha calculadora que facilita o cálculo en función da renda neta per cápita da unidade familiar e do nº de menores en idade escolar. O acceso a ela está disponible a través do link:

<https://www.edu.xunta.es/comedores/calculadora.jsp>

Aclaracións para o cálculo.

Para determinar a renda anual familiar hai que sumar as rendas obtidas por todas as persoas que integran a unidade familiar. Nesta operación poden presentarse varias situacións:

- Unidades familiares nas que ambos cónxuxes, ou calquera integrante dela, perciben rendas e teñen a obriga de presentar a declaración anual do IRPF. Neste caso, o importe resultará das sumas e restas das casíñas indicadas, que se obterán de cada declaración, se foron presentadas individualmente ou ben da declaración conxunta.

- Unidades nas que ambos perciben rendas pero só un deles ten a obriga de presentar a declaración. Neste caso o importe da renda resultará das sumas e restas das casíñas indicadas, para o membro que a presente máis o importe que resulte, para o outro integrante da unidade familiar, que non presentou declaración do IRPF, segundo os seus datos fiscais que deberá para realizar o cálculo dos seus ingresos, sumar os importes das casíñas correspondentes (retribucións dinerarias) e (intereses) e restar os importes das casíñas correspondentes (cotizacións seguridade social), (retencións procedentes do traballo) e (retencións procedentes do capital mobiliario)

- Cando ambos cónxuxes perciban rendas pero non teñan a obriga de presentar declaración ou ben cando non perciban ningunha suxeita a tributación do IRPF. Nestes supostos, os interesados deberán consignar os datos fiscais do mesmo xeito que no especificado no apartado anterior para os membros que non presentase declaración do IRPF.